

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

6097 *Real decreto 456/2011, do 1 de abril, polo que se aproba o Regulamento de destinos do persoal militar profesional.*

O artigo 74 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, determina que a carreira militar dos membros das Forzas Armadas queda definida pola ocupación dos diferentes destinos, o ascenso aos sucesivos empregos e a progresiva capacitación para postos de maior responsabilidade.

A ocupación dos diferentes destinos queda así configurada como un dos elementos clave da carreira profesional dos militares.

Os sistemas de asignación de destino continúan sendo os de libre designación, concurso de méritos e provisión por antigüidade, pero a citada lei preconiza que coa potenciación do mérito e a capacidade, a utilización do sistema de antigüidade irá diminuindo progresivamente.

A aplicación deste criterio levará a que os militares ocupen preferentemente postos operativos asignados por antigüidade nos dous primeiros empregos de cada escala.

Tamén nos empregos a que se ascende polo sistema de concurso-oposición o sistema de asignación máis habitual será o sistema de antigüidade.

Nos empregos a que se ascende polo sistema de clasificación ocuparanse maioritariamente postos asignados por concurso de méritos e a aplicación do sistema de libre designación quedará reservada, con carácter xeral, para a cobertura dos postos correspondentes aos máximos empregos de cada escala e para a daqueles outros para os cales se precisen especiais condicións profesionais e persoais de idoneidade.

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, reserva ao desenvolvemento regulamentario, nos seus artigos 100, 101, 104 e 113, o establecemento dos criterios para determinar os postos que se deben cubrir polo procedemento de libre designación, o tempo mínimo e, se é o caso, máximo de permanencia nos destinos, os procedementos de asignación de destinos en ausencia de peticionarios, as limitacións para o acceso a determinados destinos, o dereito preferente da muller militar vítima de violencia de xénero para ocupar outro destino, as condicións en que os militares de tropa e mariñeiría durante o compromiso inicial poderán optar a un destino diferente do asignado na convocatoria, as causas de cesamento nos destinos e as condicións e circunstancias en que os militares na situación administrativa de reserva poderán ser designados para desempeñar comisións de servizo.

Ademais de cumprir este mandato legal, no regulamento atribúense as competencias para a aprobación dos cadros de persoal orgánicos e das relacións de postos militares, así como para a publicación de vacantes. Tamén se concretan as condicións e circunstancias dos destinos dos militares na situación de reserva.

A conciliación da vida profesional, persoal e familiar facilítase coas normas específicas relativas á asignación de postos durante os períodos de embarazo e de lactación, a incorporación do criterio de agrupación familiar nos baremos dos concursos de méritos e as salvagardas establecidas ante a coincidencia temporal dos dous proxenitores dun menor de doce anos en misións ou comisións de servizo.

O regulamento estrutúrase en seis capítulos. O capítulo I «Disposicións xerais» contén o obxecto e o ámbito de aplicación e nel defínense os principais conceptos que se utilizan nos capítulos seguintes.

O capítulo II «Cadros de persoal» establece os cadros de persoal orgánicos e as relacións de postos militares que existirán no Ministerio de Defensa, así como o seu contido e as autoridades competentes para a súa aprobación.

No capítulo III «Vacantes» regúlanse as autoridades competentes para publicar as vacantes, as características destas publicacións e as condicións que se deben reunir para solicitálas.

O capítulo IV «Destinos», dividido en catro seccións, establece os criterios para aplicar os diferentes procedementos de asignación de destinos, as normas xerais para asignalos, así como as particulares para o persoal en reserva, para os militares de tropa e marifeiría durante o compromiso inicial, para os militares aos cales se lles instruíu un expediente de condicións psicofísicas e para a militar vítima de violencia de xénero, os procedementos de asignación de destinos en ausencia de peticionarios, as limitacións para ocupar destinos, os tempos de permanencia nos destinos e as causas de cesamento neles.

No capítulo V «Comisións de servizo» determínanse os motivos para a súa realización e regúlanse as normas para a súa designación, dando un tratamento diferenciado ao persoal en reserva e aos proxenitores de menores de doce anos.

Finalmente, no capítulo VI «Recursos» indícanse os que corresponde aplicar nesta materia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria primeira. *Retidos no emprego.*

O militar que se encontre retido no seu emprego con carácter definitivo, por aplicación da normativa anterior á Lei 39/2007, do 19 de novembro, terá as limitacións para ocupar determinados destinos especificadas no artigo 21.2 do regulamento que se aproba.

Disposición transitoria segunda. *Destinos en reserva.*

Os militares en situación de reserva que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontren destinados sen cumpriren as condicións fixadas no artigo 16.3 do regulamento que se aproba, cesarán no seu destino o 31 de decembro de 2012, se antes non o fixeron por calquera das causas relacionadas no artigo 25 do mencionado regulamento.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio.*

Ata a aprobación polo ministro de Defensa das disposicións que desenvolvan este real decreto, continuará en vigor a normativa específica en materia de destinos e comisións de servizo que ata a data se viña aplicando, naquilo que non se opoña ao regulado nel.

Disposición derogatoria única. *Disposicións obxecto de derogación.*

1. Queda derogado o Real decreto 431/2002, do 10 de maio, polo que se aproba o Regulamento de destinos do persoal militar profesional.
2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

REGULAMENTO DE DESTINOS DO PERSOAL MILITAR PROFESIONAL

CAPÍTULO I

Disposicións xeraisArtigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto determinar as normas xerais de provisión de destinos e regular o réxime da designación de comisións de servizo dos militares profesionais.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento é de aplicación aos militares profesionais nas situacións administrativas de servizo activo e de reserva coas excepcións sinaladas a continuación:

a) Os que pasen a prestar servizos na Casa de Súa Maxestade o Rei, que serán nomeados e substituídos conforme o previsto no artigo 65.2 da Constitución e o regulado na súa normativa específica.

b) Os nomeados para os destinos establecidos no artigo 99.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, que deban ser conferidos por unha autoridade allea ao Ministerio de Defensa.

c) Aqueles cuxos nomeamentos e cesamentos se realicen de acordo co establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

d) Os que, no ámbito da xurisdición militar, exerzan funcións xudiciais, fiscais ou de secretarios relatores, que se rexerán polo regulado na súa normativa específica.

e) Os que sexan destinados e destituídos no Centro Nacional de Intelixencia, que se rexerán polo regulado na súa normativa específica.

f) Os que se encontren na situación de reserva, procedentes de reserva transitoria, conforme o establecido na disposición transitoria décimo primeira.2.d) da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas.

As vacantes correspondentes ás letras a) e d) poderanse publicar e ser solicitadas de acordo cos procedementos previstos neste regulamento.

2. Este regulamento será de aplicación subsidiaria nos aspectos procedementais non regulados nas normas particulares relacionadas no punto anterior.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Enténdese por cadro de persoal orgánico a relación cuantitativa e cualitativa dos postos da estrutura das unidades do Ministerio de Defensa necesarios para estar en condicións de cumprir as encomendas que teñan asignadas.

Ao cadro de persoal orgánico aplicaráselle o grao de cobertura que derive do planeamento de efectivos dando como resultado a relación de postos militares.

2. Enténdese por relación de postos militares a relación cuantitativa e cualitativa dos postos do cadro de persoal orgánico que se poden cubrir con persoal militar profesional ao longo do período de vixencia a que se refira.

3. Considérase destino cada un dos postos previstos nas relacións de postos militares. Para os efectos deste regulamento os termos cargo, posto e destino son equivalentes.

4. Considérase posto vacante, ou por extensión vacante, todo destino sen asignar.

5. No articulado do regulamento emprégase o termo «unidade» con carácter xenérico, debendo entenderse que fai referencia a calquera unidade militar, buque, centro ou organismo.

CAPÍTULO II

Cadros de persoalArtigo 4. *Cadros de persoal orgánicos.*

1. Existirán os seguintes cadros de persoal orgánicos:

a) Os dos órganos superiores e directivos do Órgano Central, incluídos o Estado Maior da Defensa, a Unidade Militar de Emerxencias, os organismos autónomos do Ministerio de Defensa e as súas unidades dependentes.

b) Os das unidades do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

2. A aprobación dos cadros de persoal orgánicos será competencia:

a) Do subsecretario de Defensa para as establecidas no número 1.a) e, logo de coordinación cos respectivos xefes de Estado Maior, para os postos asignados a persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas dentro da estrutura orgánica dos exércitos.

b) Dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, para os postos asignados a persoal dos corpos específicos do exército correspondente, tanto na estrutura propia como na dos outros exércitos, que debe, neste último caso, contar coa conformidade do xefe de Estado Maior respectivo.

Artigo 5. *Relacións de postos militares.*

1. Por cada cadro de persoal orgánico existirá unha relación de postos militares cuxa aprobación será competencia das mesmas autoridades citadas no artigo 4.2. As modificacións das súas características retributivas exixirán a súa aprobación pola Comisión Superior de Retribucións Militares, nos termos previstos no artigo 20.4, letras c) e d) do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e cos requisitos que neles se detallan.

2. Na relación de postos militares especificarase para cada posto a súa descrición, a súa asignación por corpos e escalas, empregos e especialidades, as súas retribucións complementarias, a súa clasificación pola forma de asignación, se nel se cumpre o tempo en determinado tipo de destinos necesario para o ascenso, se pode ser ocupado por militares en situación de reserva e os demais requisitos e condicións necesarios para a súa ocupación, entre os que se poderán incluír condicións psicofísicas especiais ou límites de idade.

3. O ministro de Defensa establecerá os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos militares e a forma en que os militares profesionais terán acceso á información contida nelas.

4. Tamén terán a consideración de relacións de postos militares as relacións cuantitativas e cualitativas de postos asignados ao Cuarto Militar da Casa de S.M. o Rei, Garda Real e Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, cuxa determinación será competencia do subsecretario de Defensa, con excepción das retribucións complementarias dos postos asignados ao ámbito da Garda Civil que corresponden ao Ministerio do Interior.

CAPÍTULO III

VacantesArtigo 6. *Publicación de vacantes.*

1. As vacantes e os destinos que se prevexa que van quedar sen titular nunha data determinada e cuxa cobertura se considere necesaria publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». Este acto administrativo denominarase publicación de vacantes.

2. As autoridades competentes para decidir as vacantes que se deben publicar e para a consecuente publicación serán:

- a) O director xeral de Persoal para as correspondentes ás relacións de postos militares aprobadas polo subsecretario de Defensa.
- b) O mando ou xefe de Persoal dos Exércitos para as aprobadas polos respectivos xefes de Estado Maior.

3. As vacantes agruparanse para a súa publicación en resolucións independentes, segundo a forma de asignación dos destinos, e publicaranse pola seguinte orde:

- a) Vacantes de libre designación.
- b) Vacantes de concurso de méritos.
- c) Vacantes de provisión por antigüidade.

4. Para conseguir unha mellor distribución do persoal, poderanse realizar publicacións específicas de vacantes para os militares destinados en unidades afectadas por disolución, traslado ou variación orgánica e para os que se encontren na situación de servizo activo pendentas de asignación de destino.

5. Cando para a ocupación duns destinos se requira unha determinada antigüidade relativa respecto á doutros militares do mesmo emprego destinados na mesma unidade, poderanse publicar vacantes específicas para zonas concretas do escalafón.

6. Nas publicacións de vacantes faranse constar aquelas que se asignarán con carácter forzoso en ausencia de peticionarios con carácter voluntario, sempre que haxa persoal nas circunstancias determinadas no artigo 20.

7. As vacantes publicaranse nas datas que determine o ministro de Defensa. Con carácter xeral procurarase que a incorporación aos novos destinos se realice maioritariamente durante o período estival.

8. Excepcionalmente, as vacantes que se publiquen poderanse modificar dentro do prazo de admisión de solicitudes, caso en que se ampliará o dito prazo. A autoridade competente para a publicación dunha vacante poderá anulala dentro do prazo fixado para a súa asignación mediante resolución motivada, que deberá ser notificada a aqueles que a solicitaron.

9. Nos casos que determinen o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos, poderanse outorgar sen publicación previa as seguintes vacantes:

- a) As correspondentes a xefes de unidade, centro ou organismo.
- b) As vacantes, calquera que sexa a súa forma de asignación, que se oferten a aqueles que se incorporen a unha escala ou superen determinados cursos de perfeccionamento, considerando como tales, para estes efectos, os cursos de altos estudos da defensa nacional.

Artigo 7. *Solicitud de vacantes.*

1. As vacantes anunciadas poderanse solicitar con carácter voluntario ou anuente. Neste último caso mostrarase a disposición do interesado de ser destinado con carácter forzoso en ausencia de peticionarios con carácter voluntario a algunha das vacantes definidas no artigo 6.6.

As solicitudes cursaranse nos prazos e polo procedemento que determine o ministro de Defensa.

2. As vacantes poderán ser solicitadas polos que reúnan os requisitos que se exixan na correspondente publicación e cumprisen o tempo de mínima permanencia no seu actual destino. Estas condicións deberanse cumprir non máis tarde da data límite de presentación de solicitudes. O tempo de mínima permanencia no destino actual poderase cumprir antes da data prevista de cobertura da vacante se esta figura na publicación.

3. As vacantes que determinen o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos poderanse publicar con exención dos prazos de mínima permanencia.

4. As vacantes que se publiquen para militares en situación de reserva poderán ser solicitadas polos que se encontren en situación de servizo activo e lles falten menos de seis meses para pasar á situación de reserva por idade, por tempo de permanencia no emprego ou por tempo desde a obtención da condición de militar de carreira.

5. Cando non estea expresamente limitado na relación de postos militares, un militar poderá solicitar unha vacante asignada de forma exclusiva ao emprego inmediato superior se cumpre as seguintes condicións:

a) Que ao emprego inmediato superior se ascenda polo sistema de elección e que o petionario fose avaliado para o ascenso e obtivese un posto na ordenación definitiva para o ascenso igual ou inferior ao número de vacantes previstas no correspondente ciclo de ascensos.

b) Que ao emprego inmediato superior se ascenda polo sistema de clasificación e que o petionario fose avaliado para o ascenso, declarado apto e obtivese un posto na orde de clasificación igual ou inferior ao número de vacantes previstas no correspondente ciclo de ascensos.

c) Que ao emprego inmediato superior se ascenda polo sistema de concurso ou concurso-oposición e que o petionario superase o proceso selectivo correspondente.

d) Que ao emprego inmediato superior se ascenda polo sistema de antigüidade e que o petionario fose avaliado e declarado apto.

CAPÍTULO IV

Destinos

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 8. *Clasificación dos destinos.*

1. Os destinos clasifícanse, segundo a súa forma de asignación, en destinos de libre designación, de concurso de méritos e de provisión por antigüidade.

2. Son destinos de libre designación aqueles para os cales se precisan condicións profesionais e persoais de idoneidade, que apreciará discrecionalmente a autoridade facultada para concedelos entre os que cumpran os requisitos exixidos para o posto.

3. Son destinos de concurso de méritos aqueles que se asignan tendo en conta os méritos que se posúen en relación cos requisitos exixidos para o posto.

4. Son destinos de provisión por antigüidade os que se asignan por orde de escalafón entre os interesados que cumpran os requisitos exixidos para o posto. Para persoal pertencente a diferentes escalafóns, a orde basearase no emprego, a igualdade de emprego, na antigüidade asignada nel e, a igualdade desta, resolverase a favor do de maior idade.

Artigo 9. *Destinos de libre designación.*

Os criterios para determinar os postos que se deben cubrir por este procedemento son:

a) Os asignados a oficiais xenerais.
b) Con carácter xeral, os asignados ao resto de empregos a que se ascende polo sistema de elección.

c) Os de xefe de unidade.

d) Os de apoio inmediato a órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa, con categoría de director xeral ou superior.

e) Os de apoio inmediato a tenentes xenerais e xenerais de división directamente dependentes do xefe de Estado Maior da Defensa e dos xefes de Estado Maior dos Exércitos.

f) Os que, non estando comprendidos nos casos anteriores, excepcionalmente sexan cualificados de especial responsabilidade polas autoridades competentes nas relacións de postos militares.

Artigo 10. *Destinos de concurso de méritos.*

1. O ministro de Defensa establecerá os criterios para determinar os postos que se deben cubrir por este procedemento, tendo en conta os perfís profesionais. Con carácter xeral, estes postos corresponderanse cos que se asignen aos empregos a que se ascende polo sistema de clasificación.

2. O director xeral de Persoal e os mandos ou o xefe de Persoal dos Exércitos establecerán os baremos dos méritos cuantificables, incluíndo neles unha puntuación que, como máximo, poderá alcanzar a que se determine nos ditos baremos para a antigüidade nos seguintes supostos:

a) O destino previo do cónxuxe militar ou funcionario no municipio onde radique a vacante solicitada, sempre que se acceda desde municipio distinto.

b) O coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo faga doce anos, sempre que os interesados acrediten fidedignamente que a vacante que se solicita permite unha mellor atención ao menor.

c) O coidado dun familiar, ata segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda desde un municipio distinto, e sempre que os interesados acrediten fidedignamente que a vacante que se solicita permite unha mellor atención do familiar. A valoración deste suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.

Artigo 11. *Destinos de provisión por antigüidade.*

O ministro de Defensa establecerá os criterios para determinar os postos que se deben cubrir por este procedemento, tendo en conta os perfís profesionais. Con carácter xeral, estes postos corresponderanse cos que se asignen aos dous primeiros empregos de cada escala e a aqueloutros a que se ascenda polo sistema de concurso-oposición.

Artigo 12. *Competencia na asignación dos destinos.*

1. O nomeamento dos cargos correspondentes a oficiais xenerais, nas situacións de servizo activo ou de reserva, será competencia do ministro de Defensa, salvo os que correspondan ao Consello de Ministros en aplicación do artigo 102.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

2. A asignación dos destinos de libre designación corresponde ao ministro de Defensa, salvo os destinos do persoal dos exércitos a postos da estrutura orgánica destes, que corresponden, segundo ao que pertenza o destinado, aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

3. A asignación dos destinos de concurso de méritos e de provisión por antigüidade corresponde ao director xeral de Persoal, salvo os destinos do persoal dos exércitos a postos da estrutura orgánica destes, que corresponden, segundo ao que pertenza o destinado, ao mando ou xefe de Persoal do respectivo exército.

Artigo 13. *Asignación de destinos e cesamentos por necesidades do servizo.*

O ministro de Defensa poderá destinar, acordar o cesamento nun destino ou denegar a súa adxudicación, de forma motivada, cando as necesidades do servizo o aconsellen, de conformidade co artigo 105 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Para a asignación destes destinos non será necesaria a publicación previa da vacante.

Artigo 14. *Normas de asignación dos destinos.*

1. Os destinos asignaranse con carácter voluntario ou forzoso. Os destinos asignados en ausencia de peticionarios con carácter voluntario terán carácter forzoso.

2. As vacantes publicadas e non asignadas declararanse desertas mediante a correspondente resolución; nelas estarán incluídas as vacantes de libre designación a cuxos peticionarios con carácter voluntario non se lles apreciasen as suficientes condicións de idoneidade.

3. Nas publicacións de asignación de destinos faranse constar os recursos procedentes, a autoridade ante a que se deberán presentar e os prazos para isto.

4. O ministro de Defensa establecerá os criterios básicos para a asignación de destinos aos militares que se encontren afectados por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade.

5. Para destinar a unha vacante publicada dunha determinada relación de postos militares a quen se encontre ocupando un posto doutra relación de postos militares, sen cumprir os prazos de mínima permanencia, será necesario contar coa conformidade da autoridade con competencia nesta última. Tamén se requirirá a dita conformidade cando se trate de asignar destinos sen publicación previa da vacante.

6. Ao militar que se encontre na situación de servizo activo pendente de asignación de destino deberásele asignar un nun prazo máximo de seis meses, contado a partir da data do cesamento no último destino que tivo ou desde a súa incorporación á situación de servizo activo desde outra situación administrativa.

A norma anterior non será de aplicación a quen lle corresponda pasar a outra situación administrativa no prazo de seis meses anteriormente citado.

Para aqueles aos cales se lles estea tramitando un expediente de insuficiencia de condicións psicofísicas, o prazo empezará a contar desde o día en que se publique no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» a resolución do dito expediente.

7. Non se asignará destino cando se prevea que o petionario dunha vacante non poida desempeñalo durante o tempo mínimo de permanencia exixido. Para os destinos en territorio nacional, exceptúase desta norma o solicitante que se encontre afectado por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade, que deba cesar no seu destino por cumprir o tempo de máxima permanencia ou que se encontre na situación de servizo activo pendente de asignación de destino e o militar profesional que deba pasar á situación de reserva por idade, por tempo de permanencia no emprego ou por tempo desde a obtención da condición de militar de carreira, se pode cumprir un ano de permanencia no destino.

Artigo 15. *Prelación na asignación de destinos.*

1. A asignación de destinos efectuarase pola mesma orde en que se publicaron as resolucións relativas ás vacantes de cuxa cobertura se trate.

2. Non se asignará un destino a un solicitante con carácter anuente cando existan peticionarios voluntarios, con independencia do sistema de asignación da vacante.

3. Na asignación de destinos correspondentes a vacantes dunha mesma resolución resolveranse en primeiro lugar as que teñan peticionarios con carácter voluntario e, posteriormente, as que se vaian asignar con carácter forzoso.

4. Ao petionario de varias vacantes de concurso de méritos a quen, tras o procedemento establecido nos números anteriores, lle poida corresponder a asignación de máis dunha delas, adxudicarásele unha vacante seguindo a orde en que as solicitou. Igualmente se procederá nas vacantes de provisión por antigüidade.

Artigo 16. *Destinos que poden ser asignados aos militares en situación de reserva.*

1. O ministro de Defensa determinará o número de postos de cada relación de postos militares, distribuído por categorías militares, que pode ser asignado a militares en situación de reserva, en función dos militares na situación de servizo activo e dos correspondentes créditos e previsións orzamentarios.

2. Nos postos asignados a militares en situación de reserva exerceranse a autoridade e as funcións que correspondan ao emprego e ao corpo determinado na relación de postos militares, con exclusión do exercicio do mando na Forza dos Exércitos.

3. Estes postos só poderán ser ocupados por militares que pasaron á situación de reserva por idade, por tempo de permanencia no emprego, por tempo desde a obtención

da condición de militar de carreira ou con carácter forzoso nas cotas determinadas polo ministro de Defensa, excepto nas situacións de crise en que así o determine o ministro de Defensa ou cando este faga uso da competencia asignada no artigo 13.

4. Os destinos dos militares en situación de reserva serán de libre designación.

5. Os militares en reserva destinados poderán solicitar o cesamento no destino desde tres meses antes de cumprir o tempo mínimo de permanencia. Se a resolución é favorable, o cesamento producirase na data de cumprimento do tempo mínimo de permanencia ou, se a solicitude fose posterior, na de efectos da resolución de cesamento.

Artigo 17. Destinos durante o compromiso inicial dos militares de tropa e mariñeiría.

1. Os militares de tropa e mariñeiría, durante o compromiso inicial antes da súa primeira renovación, poderán optar, con carácter voluntario, a un destino diferente do asignado na convocatoria se reúnen as condicións seguintes:

- a) Que o seu compromiso inicial sexa de tres anos.
- b) Que cumprisen polo menos dous terzos do seu compromiso.
- c) Que o posto a que opten pertenza á estrutura da Forza dos Exércitos.

Tamén poderán optar a un destino diferente se se encontran afectados por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade.

Para a asignación destes destinos non será exigible a posibilidade de desempeño do posto durante o tempo de mínima permanencia recollida no artigo 14.7.

2. Os militares de tropa e mariñeiría durante o compromiso inicial antes da súa primeira renovación só poderán ser destinados con carácter forzoso a un posto diferente do asignado na convocatoria, en aplicación dos criterios que se establezan conforme o disposto no artigo 14.4, por non superaren a formación correspondente á especialidade fundamental asignada, por perda da aptitude psicofísica necesaria para desenvolveren as tarefas que exige a súa especialidade, por teren quedado pendentes de asignación de destino ou por non obteren os requisitos do posto a que foron destinados.

Artigo 18. Destinos dos militares aos cales se lles instruíu un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.

1. O militar que, como consecuencia do resultado dun expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, fose declarado útil con limitación para ocupar determinados destinos, como consecuencia do servizo, poderá solicitar a habilitación dunha vacante adecuada á dita limitación nunha relación de postos militares do seu exército ou corpo común de pertenza no termo municipal da súa elección. A relación de postos militares determinará o xefe de Estado Maior correspondente ou o subsecretario de Defensa no caso dos membros dos corpos comúns das Forzas Armadas e o destino á vacante habilitada asignarase polo procedemento de libre designación.

2. O militar que, como consecuencia do resultado dun expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, fose declarado útil e apto para o servizo e o que fose declarado útil con limitación para ocupar determinados destinos sen ser a dita limitación consecuencia do servizo, terán dereito preferente para ocupar as vacantes, adecuadas á súa condición psicofísica, que se asignen por antigüidade nas relacións de postos militares, do Exército ou corpo común de pertenza, correspondentes a unidades localizadas no mesmo termo municipal ca a súa última unidade de destino en territorio nacional. Este dereito manterase durante seis meses desde a resolución do expediente.

Sección 2.^a Asignación de destinos con carácter forzoso

Artigo 19. Criterios xerais para a asignación de destinos con carácter forzoso.

1. Soamente se poderá destinar con carácter forzoso a unha vacante a quen puido solicitala, de acordo co previsto no artigo 7.

2. Quen non teña cumprido o tempo de permanencia en determinado tipo de destinos necesario para o ascenso e se encontre ocupando un destino en que se cumpra, só poderá ser destinado con carácter forzoso a outro destino en que tamén se cumpra o dito tempo.

Artigo 20. *Asignación de destinos en ausencia de peticionarios con carácter voluntario.*

Considérase que se dá a circunstancia de «ausencia de peticionarios con carácter voluntario» cando, unha vez asignados os destinos con carácter voluntario non quedan peticionarios desta clase para a cobertura dunha vacante.

Os destinos que se deban asignar en ausencia de peticionarios con carácter voluntario, serano polos seguintes procedementos:

a) Destinos de libre designación. As vacantes de libre designación asignaranse entre os que reúnan as condicións profesionais e persoais de idoneidade necesarias.

b) Destinos de concurso de méritos e de provisión por antigüidade. As vacantes de concurso de méritos e de provisión por antigüidade asignaranse entre aqueles que se encontren nas seguintes circunstancias e pola orde seguinte:

1.º Que as solicitasen con carácter anuente, destinando o que corresponda conforme o disposto no artigo 8, números 3 e 4.

2.º Pendentes de asignación de destino, destinando o que leve máis tempo sen destino e, a igualdade de tempo, ao de menor antigüidade.

3.º Destinados nun posto que figure a amortizar na correspondente relación de postos militares ou nun posto cuxos requisitos non coincidan co seu corpo, escala, especialidade fundamental ou emprego, como consecuencia da disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade, destinando o de menor antigüidade. Para a aplicación deste parágrafo terase en conta o que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 14.4.

4.º Destinados con data de cesamento no seu destino actual anterior á data de cobertura da vacante anunciada, destinando o que vaia cesar en primeiro lugar e, a igualdade de data de cesamento, o de menor antigüidade.

5.º Destinados en posto sen exigencia de titulación a posto con exigencia de titulación, destinando o que menos tempo exercese a titulación correspondente e, a igualdade de tempo, o de menor antigüidade.

6.º Destinados en vacante do seu propio emprego e, sendo do emprego inferior ao correspondente á vacante publicada, que tivesen ocasión de solicitala conforme o disposto no artigo 7.5, destinando o de menor antigüidade.

c) Tamén poderán ser destinados con carácter forzoso os militares aos cales se lles outorguen as vacantes recollidas no artigo 6.9.b), calquera que sexa a súa forma de asignación.

Sección 3.ª Limitacións, tempos de permanencia e cesamentos

Artigo 21. *Limitacións para ocupar determinados destinos.*

1. O militar que deixou de ser avaliado para o ascenso por elección ou clasificación non poderá ocupar destinos asignados de forma exclusiva ao emprego superior.

2. O militar que renunciou por dúas veces a ser avaliado para o ascenso ou a asistir a cursos de actualización, ou foi declarado con carácter definitivo non apto para o ascenso, non poderá ocupar destinos que teñan algunha das características seguintes:

a) Estar asignados de forma exclusiva ao emprego superior.

b) Corresponder a un xefe ou segundo xefe de unidade.

3. O militar ao cal se lle iniciou un expediente para determinar a insuficiencia de condicións psicofísicas non poderá ocupar destinos mentres dure a súa tramitación. Se como consecuencia deste se lle recoñece unha limitación para ocupar determinados

destinos, non poderá ocupar aqueles incompatibles coa limitación psicofísica que figure na resolución do expediente.

4. O militar ao cal se lle recoñeceu unha limitación para ocupar determinados destinos, como consecuencia dun expediente para a determinación de insuficiencia de facultades profesionais, non poderá ocupar aqueles destinos incompatibles coa limitación profesional recoñecida na resolución do expediente.

5. O militar que cesou no seu destino por falta de idoneidade no desempeño das tarefas propias del non poderá ocupar destinos con encomendas análogas ata que recupere a dita idoneidade, que será verificada cada dous anos a partir da data de cesamento.

6. O militar que cese na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva e pase á de servizo activo, non poderá solicitar e obter destino se o ministro de Defensa así o acorda mediante resolución motivada. O tempo de limitación non poderá exceder o momento de ditarse sentenza firme ou auto de sobresemento.

7. O militar ao cal se lle impuxo a sanción disciplinaria de perda de destino, conforme o disposto no artigo 15 da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, non poderá solicitar novo destino na unidade, localidade ou demarcación territorial específica dos exércitos a que pertencía cando foi sancionado durante dous anos.

8. Un militar non poderá ocupar un posto en que vaia ser subordinado orgánico directo do seu cónxuxe ou persoa con que mantén análoga relación de afectividade ou dun parente ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Artigo 22. *Tempos de permanencia nos destinos.*

1. Con carácter xeral, o tempo mínimo de permanencia nos destinos será de dous anos para os asignados con carácter voluntario e dun ano para os asignados con carácter forzoso.

2. Por necesidades do servizo, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das competencias asignadas no artigo 5, poderano ampliar ata catro anos para os asignados con carácter voluntario e ata dous para os asignados con carácter forzoso, salvo para os asignados á situación de reserva. Esta circunstancia deberá figurar nas relacións de postos militares e reflectirse na publicación das vacantes.

3. O subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das competencias asignadas no artigo 5, poderán establecer tempos máximos de permanencia nos destinos en que o consideren necesario, que en ningún caso poderán ser superiores a dez anos. Esta circunstancia deberá figurar nas relacións de postos militares e reflectirse na publicación das vacantes.

4. O tempo de permanencia nun destino empezará a contabilizarse o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» ou, se é o caso, no «Boletín Oficial del Estado» e finalizará na data de efectividade do cesamento, salvo que en ambas as publicacións figure expresamente outra data.

5. Non se contabilizará como tempo de permanencia no destino, para os efectos regulados neste regulamento, o transcorrido con licenza por asuntos propios.

6. Nos cargos correspondentes a oficiais xenerais non existirán tempos de permanencia.

Artigo 23. *Servidume.*

1. Denomínase servidume a obriga de ocupar un determinado tipo de destino ao finalizar un curso de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional.

2. A servidume deberá estar especificada na convocatoria do curso, a asistencia ao curso deberá ser voluntaria e a habilitación profesional obtida pola superación do curso deberá ser un requisito para a ocupación do posto reflectido na relación de postos militares.

3. Os destinos ocupados pola aplicación do número 1 poderán ter un tempo mínimo de permanencia ata de catro anos aínda que se asignen con carácter forzoso. O subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos, no ámbito das súas competencias, determinarán os destinos en que se aplicará esta posibilidade e esta circunstancia figurará na convocatoria do curso.

4. A cobertura das vacantes, tras a realización do curso, farase de acordo co previsto no artigo 6.9.b).

5. Se o compromiso de realización do curso é un requisito para a ocupación do posto reflectido na relación de postos militares, o tempo mínimo de permanencia no destino e, se é o caso, o máximo, incrementaranse no tempo transcorrido desde a ocupación do posto ata a finalización do curso.

Artigo 24. *Incorporacións e substitucións.*

1. Os prazos máximos de incorporación a un novo destino serán os seguintes:

a) Tres días hábiles cando o novo destino se encontre no mesmo termo municipal ca o de orixe.

b) Dez días naturais cando o novo destino se encontre en distinto termo municipal ca o de orixe e non se encontre incluído nas letras c) e d) seguintes.

c) Vinte días naturais cando o novo destino e o de orixe dean lugar a traslados entre arquipélagos, entre calquera destes e as cidades de Ceuta ou Melilla, entre a península e calquera dos arquipélagos ou as cidades de Ceuta ou Melilla e entre ambas.

d) Trinta días naturais cando o novo destino e o de orixe dean lugar a traslados entre diferentes países.

2. Aos militares pendentes de asignación de destino, para contabilizar os prazos anteriores, consideraráselles como destino de orixe a unidade de dependencia ou de adscrición.

3. O prazo de incorporación ao destino empezará a contabilizar a partir da data da comunicación de asignación do destino. Esa comunicación, así como o cesamento, deberanse efectuar nun prazo máximo de tres días hábiles desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». Cando na asignación dun destino se determine unha data de incorporación, o xefe da unidade disporá o necesario para que se respecten os prazos máximos de incorporación establecidos no número 1.

4. O prazo de incorporación ao destino do militar que estivese previamente designado para prestar unha comisión de servizo no estranxeiro de duración igual ou superior a dous meses, empezará a contabilizar cando finalice a comisión.

5. A duración das substitucións nos destinos non poderá superar os sete días naturais e ao militar que se incorpore ao destino aplicaráselle durante a substitución o disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6. O ministro de Defensa determinará as normas que regulen as substitucións nos destinos, así como as condicións en que se poderán modificar o prazo de comunicación da asignación do destino, os prazos máximos de incorporación e as autoridades competentes para isto.

Artigo 25. *Cesamento nos destinos.*

1. A facultade para dispor o cesamento nun destino corresponde á autoridade competente para a súa asignación, conforme o establecido no artigo 12.

2. O cesamento dos militares destinados mediante libre designación poderase acordar con carácter discrecional, e bastará a invocación da competencia para adoptar o dito acordo.

3. Os militares destinados mediante concurso de méritos ou provisión por antigüidade poderán ser destituídos de forma motivada con indicación das causas, logo de apertura, se é o caso, dun expediente en que se requirirá a audiencia do interesado, cuxas manifestacións constarán por escrito.

4. O militar cesará no seu destino por calquera das causas seguintes:
- Pasar á situación de servizos especiais. Cando o pase á dita situación sexa por ter sido designado candidato a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo, reservarase o destino durante seis meses.
 - Pasar á situación de excedencia. Cando o pase á dita situación sexa polas causas previstas no artigo 110, números 5 e 6, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, reservarase o destino polos períodos de tempo seguintes:
 - Doce meses pola causa prevista no artigo 110.5, que cando se refira ao coidado de fillos, por natureza ou adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, serán ampliables en tres meses no caso de familias numerosas da categoría xeral e en seis meses no de familias numerosas de categoría especial.
 - Os primeiros seis meses pola causa prevista no artigo 110.6, que cando as actuacións xudiciais o exixan se poderán prorrogar por tres meses, cun máximo de dezaioito.
 - Pasar á situación de suspensión de funcións, cando comporte o cesamento no destino.
 - Pasar á situación de suspensión de emprego. Cando o pase á dita situación sexa pola causa prevista no artigo 112.1.b) da Lei 39/2007, do 19 de novembro, o cesamento no destino producirase só cando a sanción imposta sexa por un período superior a seis meses.
 - Pasar á situación de reserva, salvo que se estea ocupando un posto asignado a esta situación.
 - Imposición de condena por sentenza firme que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe.
 - Imposición da sanción disciplinaria de perda do destino.
 - Inicio do expediente para determinar a insuficiencia de condicións psicofísicas, excepto nos incoados para a rehabilitación do interesado, en que se cesará no destino cando, declarada a rehabilitación, o militar ocupe un posto específico para persoal declarado apto con limitacións.
 - Cesamento na relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas.
 - Falta de idoneidade no desempeño das tarefas propias do seu destino.
 - Incorporación como alumno a cursos de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional cuxa duración sexa igual ou superior a nove meses e a outros cursos de duración inferior en cuxa convocatoria figure que a súa superación exixa un cambio a outro destino relacionado directamente coa cualificación adquirida.
 - Ascenso, salvo que se estea ocupando destino do emprego superior ou indistinto para ambos os empregos.
 - Asignación doutro destino.
 - Deixar de cumprir ou non alcanzar algún dos requisitos ou condicións que exixa a relación de postos militares, sen que mediase modificación desta.
 - Destino á unidade dun superior orgánico directo que reúna as condicións determinadas no artigo 21.8.
 - Disolución, traslado ou variación orgánica da unidade, conforme os criterios que se establezan en aplicación do disposto no artigo 14.4.
 - Cumprir o tempo de máxima permanencia no destino.
 - Calquera outra causa establecida legal ou regulamentariamente.
5. Os militares que se vexan afectados polas causas dos números 1, 2 e 4 do artigo 21 cesarán no destino se estivesen ocupando un incluído nas limitacións determinadas nos ditos números. O cesamento nos destinos de concurso de méritos e de provisión por antigüidade requirirá a incoación do expediente regulado no número 3.
6. Nos destinos asignados por concurso de méritos ou por antigüidade, o cesamento polas causas j), n), ñ) e q) do número 4 requirirá a incoación do expediente regulado no número 3.

7. Ao militar que cese no destino pola causa k) do número 4 asignaráselle, con carácter forzoso, un destino no centro docente militar en que se imparta o curso ou na unidade que se determine na resolución correspondente. Se o curso se realiza no estranxeiro asignaráselle un destino en territorio nacional.

Sección 4.ª Asignación de postos durante os períodos de embarazo e lactación e por razón de violencia de xénero

Artigo 26. Asignación de postos durante os períodos de embarazo e lactación.

1. Durante o período de embarazo, á militar poderáselle asignar, por prescripción facultativa, un posto adecuado ás circunstancias do seu estado de xestación, sen que supoña perda do destino. Ese posto será preferentemente na súa unidade de destino e, de non existir ningún compatible co seu estado de xestación, asignaráselle noutra unidade, preferentemente no mesmo termo municipal, mediante unha comisión de servizo.

2. Ao militar que se lle concedeu a redución da xornada laboral con motivo do período de lactación dun fillo menor de doce meses, poderáselle asignar un posto das características de situación definidas no número anterior, sempre que as súas ausencias por aquela causa sexan incompatibles coas necesidades do servizo do destino que ocupaba antes do nacemento do fillo.

Artigo 27. Asignación de postos á militar vítima de violencia de xénero.

1. A militar vítima de violencia de xénero que, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, se vexa obrigada a cambiar o seu destino, poderá solicitar a asignación dun posto, de ser posible de análoga categoría, no mesmo termo municipal ou noutro distinto, sen estar suxeita ao cumprimento do tempo mínimo de permanencia no seu destino.

2. A solicitude farase directamente ao mando ou xefe de Persoal do seu exército ou ao director xeral de Persoal no caso de militares dos corpos comúns das Forzas Armadas. Esta solicitude irá acompañada dunha copia da sentenza firme, da orde de protección ou, excepcionalmente mentres non se dite esa orde, do informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.

3. O novo destino deberá figurar nunha relación de postos militares e encontrarse vacante. A militar deberá reunir os requisitos de ocupación exixidos na relación de postos militares.

4. No caso de que non exista vacante coas características requiridas, comunicaranse á solicitante os termos municipais e unidades máis próximos aos solicitados con vacante, para que poida manifestar as súas preferencias.

5. O destino asignarase mediante resolución comunicada, terá carácter forzoso e o cesamento no seu anterior destino será inmediato. A tramitación destas solicitudes terá carácter preferente.

6. Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero, protexerase a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

CAPÍTULO V

Comisións de servizo

Artigo 28. Concepto e motivos das comisións de servizo.

1. Enténdese por comisión de servizo o desempeño de tarefas que, por algún dos motivos relacionados nos números seguintes e con carácter temporal, se ordena realizar aos militares, conservando o seu destino se o tivesen.

2. Poderanse designar comisións de servizo polos seguintes motivos:

- a) Levar a cabo actividades propias do destino que se ocupa que obriguen a separarse circunstancialmente da súa unidade ou, formando parte dela, do termo municipal en que estea situada.
- b) Desenvolver encomendas profesionais alleas ao destino ocupado.
- c) Ocupar postos das relacións de postos militares que se encontren vacantes temporalmente.
- d) Reforzar unidades, centros ou organismos para o desenvolvemento de determinadas tarefas.
- e) Participar en misións derivadas dos compromisos internacionais subscritos por España.
- f) Asignar un posto compatible co estado de xestación da muller e co período de lactación, conforme o establecido no artigo 26.

3. O ministro de Defensa establecerá as normas xerais para a designación de comisións de servizo aos militares que en servizo activo pasen a estar pendentes de asignación de destino, ata que se lles asigne o novo destino conforme o establecido no artigo 14.6.

Artigo 29. Normas para a designación de comisións de servizo.

1. A duración da comisión de servizo figurará no correspondente nomeamento e non poderá exceder un ano.
2. A designación das comisións de servizo con dereito a indemnización será competencia das autoridades establecidas na normativa específica sobre indemnizacións por razón de servizo.
3. As comisións de servizo sen dereito a indemnización poderán ser designadas polo mando de menor nivel con competencia orgánica común sobre a unidade do militar comisionado e sobre a unidade en que se realiza a comisión.
4. A designación de comisións de servizo dos oficiais xenerais na situación de reserva sen destino, en calquera caso, e dos oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría na situación de reserva sen destino que non cumpran as condicións establecidas no artigo 16.3, é competencia do ministro de Defensa.
5. A designación de comisións de servizo dos oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría, na situación de reserva sen destino que cumpran as condicións establecidas no artigo 16.3, é competencia do subsecretario de Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en función da relación de postos militares en que se vaia desempeñar a comisión.
6. As autoridades e mandos con competencia para designar aqueles que deban desempeñar comisións de servizo poderán revogar a designación e dispoñer a fin da comisión.

Artigo 30. Aprazamento de comisións de servizo.

1. Cando os dous membros dun matrimonio entre militares, ou unións análogas, con fillos menores de doce anos ao seu cargo, sexan designados con carácter forzoso para realizar comisións de servizo que impliquen a ausencia simultánea do domicilio, daráselle opción ao último a que se asignou a comisión de permanecer no seu destino, polo menos, ata a finalización da comisión do outro.
2. Se a asignación das comisións foi simultánea, a opción daráselle ao militar de menor emprego ou antigüidade.

CAPÍTULO VI

Recursos

Artigo 31. Recursos.

1. Contra os actos e resolucións que se adopten no exercicio das competencias atribuídas neste regulamento poderase interpor recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

2. Contra os actos e resolucións adoptados en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento polo Consello de Ministros e polo ministro de Defensa que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderase interpor recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

3. Segundo o previsto no artigo 141.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, nos procedementos en materia de destinos cuxa concesión se deba realizar por solicitude do persoal das Forzas Armadas, se a Administración non notifica a súa decisión no prazo de tres meses ou, se é o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerarase desestimada a solicitude e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.